



CONCURSO INFANTIL DEBUXA A LUZ DO NADAL

En que consiste?

O Concurso **Debuxa a luz do Nadal** é un concurso infantil no que os nenos poderán debuxar o seu propio adorno de luz navideño. O deseño premiado será deseñado en luz por unha empresa especializada e instalado nas rúas de Sada, complementando á tradicional iluminación navideña.

As nenas e nenos sadenses que queiran participar poderán presentar un debuxo con motivos que representen o Nadal e que poida converterse nun adorno de luz para decorar as rúas. Os debuxos enviaranse ao correo electrónico cultura@sada.gal e colgaranse para difusión pública no Portal de Participación Cidadá do Concello de Sada.

O concurso organizarase no formato de categoría única.

Quen pode participar?

Poden participar todas as nenas e nenos sadenses que o desexen e que se atopen entre os 4 e os 12 anos. Pódese participar de xeito individual ou por parellas ou grupos que colaboren na creación dun mesmo debuxo.

Cales son os requisitos?

- Presentar un debuxo, trazado, que teña que ver co Nadal. Tendo en conta que, no caso de ser o gañador, transformarse nun adorno de luz, polo que deberá debuxarse un único elemento, ou varios unidos, e soamente a silueta, que poderá ter varias cores. Varios exemplos nos que inspirarse:



- O debuxo poderá ter as cores que se queiran e poderá realizarse en calquera técnica: lapis de cores, pintura de dedos, acuarelas...



CONCURSO INFANTIL DEBUXA A LUZ DO NADAL

- O prazo para o envío de propostas de participación rematará o domingo 24 de outubro ás 23:59h.

Como se participa?

Para participar tendes que enviar un e-mail a cultura@sada.gal incluíndo o seguinte:

- O asunto do e-mail debe ser “**Debuxa a luz do Nadal**”.
- O debuxo figurará como **arquivo adxunto** no e-mail.
- No corpo do e-mail debes escribir os **nomes, apelidos e idade das/os participantes**.
- No corpo do e-mail tamén debe figurar o **título** que dades ao voso debuxo..

Quen escolle a ilustración gañadora?

As propostas presentadas ao concurso colgaranse na Portal de Participación Cidadá do Concello de Sada (participa.sada.gal) **a partir do luns 25 de outubro**. As imaxes estarán expostas para votación pública ata o domingo 31 ás 23:59h.

As ilustracións gañadoras serán escollidas por votación popular na Portal de Participación Cidadá. Para facelo contabilizaremos o número de “votacións” que reciba cada debuxo.

Ao mesmo tempo, a Alcaldía designará un xurado do concurso, quen puntuará as propostas ordenándoas de maior a menor puntuación, atendendo a criterios como: a estética, a orixinalidade e simpatía e os detalles do debuxo; ordenándoas de maior a menor.

Cal é o premio?

Simplemente a ilusión de ver o debuxo convertido nun dos motivos de decoración navideña que ambientará as rúas de Sada neste Nadal.

Establécense tres premios, que se outorgarán aos seguintes deseños:

- Un premio por votación popular, para o deseño que consiga o maior número de “votos” en plataforma.sada.gal.
- Dous premios para os deseños que consigan a mellor puntuación na valoración do xurado.

No caso de que un dos premios do xurado coincida co deseño gañador da votación no Portal de Participación, o premio pasará ao seguinte deseño con mellor puntuación.

O Concello de Sada encargará decoracións de iluminación navideña baseados nos tres deseños gañadores e instalaraos nas rúas de Sada durante o Nadal.



CONCURSO INFANTIL DEBUXA A LUZ DO NADAL

Conformidade

Todas/os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

Órgano competente

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento, derivado das presentes bases, será a Alcaldía.